


INFORMACIÓN PREVENTIVA

INSTRUCCIÓN BÁSICAS DE SEGURANZA E SAÚDE PARA CONTRATAS



Centros de traballo da UDC

ASPECTOS XERAIS

Conforme co establecido no artigo 24 da Lei de prevención de riscos laborais (Lei 31/95) e no R.D. 171/2004 que o desenvolve, establécense neste documento as instrucións básicas de seguranza e de saúde laboral que teñen que seguir os traballadores e as empresas contratadas.

Antes de comezar o traballo nestas instalacións, solicite as medidas de protección e de prevención que hai que adoptar e o material de protección que debe utilizarse na zona de traballo.

O contratista debe asegurar que todos os seus encargados, mandos e persoal teñan a formación e a información suficiente acerca dos seus propios riscos laborais, das medidas de prevención que hai que efectuar, así como dispoñer dos equipos necesarios de protección individual. Tamén deberá informar aos seus traballadores dos riscos e das medidas de prevención que se deben adoptar nestas instalacións.

Informarase ao servizo de prevención e ao responsable da instalación sobre os riscos que puidesen orixinar polo desenvolvemento das súas tarefas.

Conforme ao deber de vixilancia, a UDC resérvase o dereito de parar o traballo, de rexeitar traballadores e de invitar a abandonar as instalacións a aquelas contratistas ou traballadores que incumplan a normativa en prevención de riscos laborais.

1.- RISCOS CENTRO TRABALLO

-Caídas ao mesmo nivel
-Caídas a distinto nivel
-Contactos eléctricos
-Incendios/Explosión
-Golpes contra obxectos

2.- INSTALACIÓNS DO CENTRO UNIVERSITARIO

-Estas instalacións dispoñen entre outras de: Aulas, despachos, oficinas, sala para cadros eléctricos, sala de caldeiras, almacéns e área de cafetería.


En todo o interior do centro universitario:

- Está prohibido:
 - Fumar
 - Almacenar materiais en corredores, en saídas de urxencia.
 - Bloquear ascensores con caixas, ferramentas etc
 - Utilizar produtos químicos sen autorización dos responsables das instalacións
- É obrigatorio recoller todos os derrames de produtos inmediatamente despois de que se produzan na realización dos traballos.
- É obrigatorio cumprir coa sinalización de seguranza do centro de traballo
- Non deixe equipos conectados con alargadeiras por zonas de paso
- Non se deben retirar as proteccións (eléctricas, transmisións, medios contra incendios etc) sen autorización
- Non bloquee os accesos ao centro universitario con vehículos
- É obrigatoria a identificación previa dos traballadores da contrata antes da realización dos traballos

3.-AREAS DE TRABALLO DO CENTRO UNIVERSITARIO

Se ten que acceder a zonas elevadas nas instalacións utilice unha escada ou unha plataforma regulamentaria.


Manteña a orde e a limpeza no centro de traballo.



4.-EQUIPOS DE TRABALLO

-Non sobrecargue os enchufes. De utilizaren “ladróns”, “regretas” ou alargadeiras non conecte diversos aparatos eléctricos nun único punto de rede. Consulte previamente ao persoal responsable da oficina

Nos traballos de mantemento, limpeza etc realizados no centro universitario e onde sexa necesario utilizar andamios, góndolas, escadas etc teranse en conta as normas de seguranza previstas para estes equipos. En caso de dúbida haberá que consultalas co responsable dos traballos.



No caso de utilizaren escadas nunca se colocarán no percorrido das portas, a menos que estas se bloqueen e se sinalicen adecuadamente.

Lembre que pode ser obrigatorio requirir, previamente ao traballo, un permiso especial referente aos traballos de lapa, de faísca ou de soldadura, traballos en alta e en baixa tensión e a traballos en altura. Consulte co servizo de prevención.

Na limpeza de oficinas, nas salas onde existan cadros eléctricos evite utilizar auga ou líquidos na súas proximidades.

5.- NORMAS DE URXENCIA

• EN CASO DE INCENDIO

-En primeiro lugar comuniquen a urxencia. Avise á extensión telefónica 5555.



- Informe sobre o lugar do incendio e das súas circunstancias.

-Abandone a instalación polos camiños sinalizados en caso de non poder actuar, se non está expresamente adestrado para isto.




-Os equipos de traballo ao seu cargo deben quedar desconectados e en posición segura.

-Non intente recuperar os obxectos persoais

En traballos de limpeza e de mantemento, no caso de non ser accesibles as ventás que hai que limpar, é necesario proveerse de útiles adecuados con alargadeiras ou utilizar escadas portátiles, evitando subirse en plataformas, mobiliario ou outros elementos improvisados. No caso de risco de caída a distinto nivel utilice equipos de protección individual homologados contra as caídas.

-Sinalice convenientemente a existencia de chan húmido. Organice o traballo de modo que afecte ao menor número de traballadores.

-Non conecte cavillas sen normalizar á instalación eléctrica.



-Non utilice ferramentas eléctricas coas mans molladas ou húmidas cando faga as conexións eléctricas